

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

##### **Resolución da Presidencia, do 16 de marzo de 2020, pola que se determina o funcionamento do Rexistro do Parlamento de Galicia a través da sede electrónica**

Atendendo ás instrucións ditadas polo Goberno central e pola Xunta de Galicia para frear a propagación do coronavirus e para limitar ao mínimo imprescindible a presenza física de persoal na sede da institución, a Presidencia resolve:

1. Ningunha persoa allea ao Parlamento poderá acceder á sede da Cámara. O Rexistro do Parlamento de Galicia seguirá funcionando con normalidade na modalidade telemática a través da sede electrónica da institución (<https://sede.parlamentodegalicia.gal/>), pero non prestará atención presencial.
2. Publicar a presente resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2020  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

